



PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19
NO CURSO 2020-2021
CEIP NICOLÁS DEL RÍO



ÍNDICE

| | |
|---|-----------|
| 1. Medidas de prevención básica..... | Páx.3-5 |
| 2. Medidas xerais de protección individual e colectiva..... | Páx.5-7 |
| 3. Medidas de limpeza..... | Páx.8-10 |
| 4. Material de protección..... | Páx.10 |
| 5. Xestión de abrochos..... | Páx.10-11 |
| 6. Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade..... | Páx.11-13 |
| 7. Medidas de carácter organizativo..... | Páx.13-14 |
| 8. Medidas en relación con familias e ANPAS..... | Páx.15-16 |
| 9. Medidas para o alumnado transportado..... | Páx.16-17 |
| 10. Medidas de uso de comedor..... | Páx.17-18 |
| 11. Medidas específicas para uso doutros espazos..... | Páx.19-20 |
| 12. Medidas especiais para os recreos..... | Páx.20-21 |
| 13. Medidas específicas para o alumnado de Ed.Infantil e 1º e 2º de Ed.Primaria...Páx.21-22 | |
| 14. Normas específicas para alumnado de NEE..... | Páx.23 |
| 15. Previsións específicas para o profesorado..... | Páx.23 |
| 16. Medidas de carácter formativo e pedagóxico..... | Páx.24 |



1. MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA

- **CEIP Nicolás del Río.** Rúa López Cortón sn. Cedeira. A Coruña.

Tlf: 881930091 ceip.nicolas.rio@edu.xunta.gal

- **Equipo COVID 19:**

- Marta Cameselle Barge (dirección)
- Raquel García López (coordinadora educación infantil)
- Susana Martínez López (titora de educación primaria)

Funciós:

- Elaborar o plan de adaptación e de continxencia do COVID-19.
- Ser unha canle de comunicación cos membros da comunidade educativa e coa Consellería.
- Elaborar e controlar o rexistro e inventario do material do que dispón o centro.
- Organizar a distribución do material, levar a súa contabilización e inventario separado.
- Certificar os consumos e gastos producidos.

- **Centro de saúde de referencia:**

Centro de saúde de Cedeira 981 48 00 15

Persoa de contacto por determinar.

- **Espazo de illamento COVID**

Aula 17.

Elementos de protección: máscaras, xel hidro alcohólico, papeleira de pedal.

- **Cadro alumnado:**

| | A | B | C | TOTAL |
|--------|----|----|----|-------|
| 3 anos | 15 | 15 | | 30 |
| 4 anos | 18 | 18 | 18 | 54 |
| 5 anos | 21 | 20 | | 41 |
| 1º | 18 | 18 | 17 | 53 |
| 2º | 18 | 19 | | 37 |
| 3º | 18 | 17 | 17 | 52 |
| 4º | 17 | 18 | 16 | 51 |
| 5º | 18 | 18 | 16 | 52 |
| 6º | 17 | 16 | | 33 |



- **Cadro de persoal**

Docente

34 profesores con horario completo no centro

3 profesores de relixión itinerantes con base noutros centros.

Non docente

Persoal administrativo - 1

Conserxe (Concello) - 1

Persoal de limpeza (Concello) - 3

Persoal cociña - 3

- **DETERMINACIÓN DE GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA.**

Neste centro educativo serán grupos estables de convivencia todos os grupos de Educación Infantil e Primaria, que terán o recreo en quendas e espazos diferenciados. No comedor escolar, o alumnado de 3 e 4 anos comerá nas súas aulas, o alumnado de 5 anos terán un espazo separado no comedor respectando as distancias de seguridade, e os restantes alumnos/as de Educación Primaria comerán sentados en parellas (irmáns ou da mesma clase).

- **CANLE DE COMUNICACIÓN**

Telefónica.

Esta vía de comunicación empregarase para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, ausencias de persoal non docente e docente, e para a comunicación das familias co equipo COVID en relación a incidencias e ausencias.

As familias deberán chamar ao centro 881930091

O persoal docente e non docente disporán dos teléfonos móbiles dos membros do EQUIPO COVID.



2. MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL E COLECTIVA

Nas distintas portas entrada aos edificios do centro medirase a temperatura a todo o alumnado. Durante as clases en aulas nas que o alumnado se dispoña sentado en pupitres e todos orientados nun mesmo sentido, establecerase unha distancia física mínima de 1 metro **con uso de máscara**.

Para a ordenación dos espazos escolares nas aulas tomarase en consideración o centro da cadeira onde se sitúe ao alumnado e gardarase, cando menos, 1 metro de distancia respecto dos centros das restantes cadeiras que a rodeen.

En Ed.Primaria todos os pupitres e mesas colocaranse en liñas mirando cara a dirección do posto do/a profesor/a.

Cando o tamaño da aula o permita, adoptarase a maior distancia posible entre pupitres. Se o tamaño da aula non permitise as distancias previstas adoptaranse as seguintes medidas:

- Retirarase o mobiliario non indispensable que diminúa a superficie útil da aula para tentar obter o máximo distanciamento posible e en todo caso garantir un mínimo dun metro.

Toda a comunidade educativa ten a obriga de usar máscaras, coas excepcións específicas respecto do alumnado de Ed.Infantil.

É obrigatorio usar máscara de protección en todo caso nas circulacións polos espazos comúns (corredores, baños, escaleiras...), nas entradas e saídas ao centro, nos recreos, nas entradas e saídas do comedor escolar e na estancia na biblioteca. O alumnado de Educación Infantil non levará máscara en todo o horario lectivo.

O profesorado empregará máscara continuamente non só pola súa función de protección senón tamén polo seu carácter exemplificante.

En Educación Infantil e en Primaria estableceranse grupos estables de aula onde non haberá interacción con outros grupos do centro educativo, limitando ao máximo o número de contactos.

Informarase a toda a comunidade educativa sobre as medidas de prevención da transmisión da infección, as medidas de protección que se deben empregar e as instrucións para o correcto manexo das mesmas, destacando:

- Evitar tocar os ollos, nariz e boca.



- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidro alcohólicas, durante polo menos 20s. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
- Á entrada e saída do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento, prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo. O alumnado realizará a hixiene de mans á entrada da aula.
- Habilitar dispensadores de solución hidro alcohólica na entrada e en espazos comúns.
- Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van ao baño) ademais de medidas de educación sanitaria. Será necesario garantir a existencia de xabón e papel para secar as mans.
- Instalación de portapanos desbotables nos aseos e espazos comúns.
- Implantación de medidas de hixiene respiratoria:
 - ✓ Ao tusir ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira ou contra a flexura do cóbado.
 - ✓ Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer ou usar os aseos, na medida do posible.
 - ✓ Manter a distancia física recomendada. Se non se puidese manter, será necesaria a utilización de máscara de protección. Informarase do uso correcto da mesma e do xeito de poñela e sacala.

Gardarase a distancia de seguridade de 1,5 m co demais persoal e alumnado, tanto nos períodos de actividade como na entrada e saída ao posto escolar, así como nos tempos de descanso, sen prexuízo do establecido da previsión de 1 m para as aulas.

Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas nas medidas deste protocolo. Con anterioridade ao inicio do curso en cada unha das etapas educativas, realizarase unha limpeza e desinfección xeral do centro e do mobiliario.



En Educación Primaria o alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos compañeiros/as. Nas aulas ou no propio pupitre deberá existir un espazo para o material de cada alumno de xeito que non permita ser manipulado por outros compañeiros.

Os equipos de traballo (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa, teléfonos ou material de oficina) deberán ser usados só pola persoa titular do posto e, de non ser posible, desinfectaranse adecuadamente antes de ser empregados por outra persoa. As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, proxectores e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

Na secretaría do centro atenderase unicamente pola ventá, onde haberá dispensador de xel hidro alcohólico. Para a documentación que deba ser escrita, facilitarase o material de escritura que deberá ser desinfectado polo usuario.

Non se permitirá a entrada ao centro de persoas alleas, tampouco merendas, cadernos, frautas...esquecidas na casa.

Saídas dentro da localidade

Para as saídas dentro da localidade o alumnado levará máscara e desinfectarán ás mans á chegada ao centro.

3. MEDIDAS DE LIMPEZA

Con anterioridade ao inicio do curso en cada unha das etapas educativas, realizarase unha limpeza e desinfección xeral do centro e do mobiliario.

O persoal de limpeza e cociña deberá levar máscara e luvas.

Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.

Empregaranse produtos de limpeza e desinfección homologados por Sanidade.

Limpeza Concello

Persoal de limpeza



En horario lectivo

- Limpeza e desinfección dos aseos tres veces ao día, insistindo nas billas, pomos das portas, cisternas, dispensador de xabón e panos desbotables. En todo caso nos aseos existirá material de desinfección para ser utilizado polos usuarios voluntariamente.
- Limpeza e desinfección nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos....

Fóra do horario lectivo

- Limpeza unha vez ao día de todas as aulas e zonas de uso común. Terase especial atención a superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos e outros elementos de similares características así como de billas, elementos cisternas e outros dos aseos.
- Limpeza de papeleiras, de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental.

Conserxe

- Desinfección de zonas de xogo de Educación Infantil antes, entre e despois de cada quenda de recreo.
- Limpeza de patios exteriores e ximnasio.
- Desinfección da mesa e cadeira do alumno/a que saia á aula de illamento por presentar sintomatoloxía compatible co COVID-19
- Ante o aviso de alumno/a ou traballador do centro que presente síntomas mentres se atope no centro educativo, illar o contedor empregado. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto (papeleira verde). Realizarase a debida limpeza do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, despois de que o alumno/a ou traballador/a que presentou síntomas teña abandonado o centro educativo.

Limpeza Centro

Persoal Cociña



- Limpeza de todo o enxoval no lavalouzas, incluído o que non se teña usado pero teña podido estar en contacto coas mans dos estudantes.
- Ventilación do espazo de comedor., polo menos 5 minutos antes do servizo e 10 minutos entre cada quenda de comedor sempre que sexa posible polas condicións meteorolóxicas.
- Limpeza e desinfección do comedor diaria.

Limpeza Docentes

- Desinfección da superficie do teclado, do rato e da pantalla con desinfectante ao terminar de utilizar un ordenador de uso compartido.
- Desinfección da parte da mesa, máquina expendedora, microondas... despois de cada uso.
- Desinfección dos recunchos de aula.
- Desinfección do material didáctico empregado por cada docente despois de cada uso.
- Ventilación dos espazos que se estean a empregar de polo menos 5 min ao inicio da xornada, ao finalizar e entre clases sempre que sexa posible. Cando as condicións meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.
- No caso de que un alumno/a ou docente presente síntomas mentres se atope no centro educativo, a administrativa avisará ao conserxe para levar a cabo o protocolo de limpeza.

4. MATERIAL DE PROTECCIÓN

- Xel hidro alcohólico en todas as aulas.
- Alfombras de desinfección nas entradas.
- Pulverizador desinfectante 1 por mestre e en espazos comúns e aula de illamento.
- Panos desbotables en aseos e en todas as aulas.
- 4 termómetros de infrarrojo.

5. XESTIÓN DOS ABROCHOS



No caso de que un alumno/a ou docente presente calquera dos seguintes síntomas:

- **Febre maior de 37,5 °C**
- **Tose seca**
- **Dificultade respiratoria**
- Fatiga severa (cansazo)
- Dor muscular
- Falta de olfacto
- Falta de gusto
- Diarrea

O docente con sintomatoloxía ou con alumno con síntomas, deberá chamar á secretaría sendo o equipo directivo ou a administrativa (en ausencia dun deles), as persoas de referencia que procederán coas seguintes accións:

1. Buscar mestre de garda para que acuda a acompañar ao alumno afectado ata a aula de illamento. Este mestre de garda permanecerá na aula de illamento ata que un familiar acuda a recoller ao alumno.
2. Avisar ao conserxe para desinfectar pupitre, cadeira e material didáctico do alumno da súa aula.
3. No caso de ser o docente o que presente síntomas, será o mestre de garda o que ocupe o seu lugar.

No Plan de Continxencia contéplanse as actuacións previas diante da aparición dun abrocho, para o período de actividade lectiva non presencial, e medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial.

6. XESTIÓN DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE

De conformidade coas recomendacións sanitarias para todo o Estado Español os traballadores vulnerables para COVID-19 (persoas con enfermidade cardiovascular, hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, diabetes, insuficiencia renal crónica, inmunodepresión, cancro en fase de tratamento activo, enfermidade hepática crónica severa, obesidade mórbida (IMC>40), embarazo e maiores de 60 anos) realizarán o seu traballo, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo as medidas de protección de forma



rigorosa. O servizo sanitario do Servizo de Prevención de Riscos Laborais deberá avaliar a existencia de traballadores especialmente sensibles á infección por coronavirus e emitir informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección necesarias, seguindo o establecido no Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-COV-2.

As funcións do Servizo Sanitario de Prevención de Riscos Laborais serán asumidas polo persoal sanitario da inspección médica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional nas xefaturas territoriais.

Para cualificar unha persoa como especialmente sensible para COVID-19, debe aplicarse o establecido no Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-COV-2, publicada polo Ministerio de Sanidade tendo en conta que con carácter xeral na actividade educativa o nivel de risco será o sinalado como NR1. En consecuencia o persoal docente e non docente deberá permanecer no seu posto de traballo ata que se determine, se é o caso, que se trata de persoal especialmente sensible e que non poida ser protexido no seu posto de traballo mediante as medidas establecidas neste protocolo ou ata que se atope, se fose o caso, nunha situación de incapacidade temporal.

Se a pesar desta circunstancia algún/algunha empregado/a público considera necesaria a avaliación da súa saúde en relación a COVID-19, actuarase como a continuación se indica.

Esa avaliación é a única actividade técnica que poderá servir de base para tomar as decisións preventivas adaptadas a cada caso.

No anexo II do protocolo recóllense distintos escenarios que se poden dar co persoal incluído como grupo vulnerable e indícanse, de ser o caso, as adaptacións de tarefas que a Consellería deberá realizar para que poida seguir desempeñando o seu posto de traballo.

Tal e como se recolle no anexo II, o simple feito de que o/a traballador/a presente algunha das patoloxías indicadas non determina a súa consideración de traballador/a como especialmente sensible, polo tanto, para determinar a especial sensibilidade deberán concorrer as circunstancias indicadas en ditos anexos e proceder tendo en consideración que a situación de partida é a de nivel de risco NR1.

De acordo co que antecede, cando un/unha traballador/a se atope dentro dun grupo vulnerable dos sinalados anteriormente, deberanse seguir os seguintes pasos:



- A persoa interesada na declaración de persoal sensible por causas de saúde, deberá dirixir a súa solicitude á dirección do centro educativo onde presta os seus servizos, na que exprese que concorren as causas para considerar o/a traballador/a como grupo vulnerable e susceptible de ser considerado persoal sensible (anexo III deste protocolo)
- A dirección do centro educativo emitirá, por cada solicitante, un informe no que se indiquen as tarefas e condicionantes específicos do posto de traballo, e determinación das medidas de protección existentes.
- A dirección do centro educativo remitirá cada día en que existan solicitudes unha relación das peticións de valoración da sensibilidade do/a traballador/a e do posto, xunto cos informes emitidos, á Inspección Médica Educativa da Xefatura Territorial da Consellería de Educación do ámbito provincial onde radique o dito centro de traballo.
- A Inspección Médica Educativa analizará a petición achegada, e solicitará mediante correo electrónico ao/á traballador/a a documentación acreditativa da súa situación que resulte procedente para resolver a adaptación do posto de traballo ou a declaración de persoal como sensible.

Coa análise da devandita documentación e da relativa aos posibles riscos existentes no centro de traballo da persoa solicitante, o facultativo emitirá informe.

A Inspección Médica Educativa poderá solicitar, se fose preciso, un informe preventivo adicional de carácter complementario ao Servizo de Prevención de Riscos laborais da Consellería de Educación.

Resulta obrigatorio para o/a traballador/a achegar toda a documentación requirida polo servizo sanitario nun prazo máximo de 3 días hábiles; no caso contrario, entenderase que desiste da súa petición.

O acceso á información médica de carácter persoal limitarase ao persoal médico e ás autoridades sanitarias que leven a cabo a vixilancia da saúde dos traballadores.

Mentres se tramita o informe da Inspección Médica, o/a traballador/a terá a obriga de acudir presencialmente ao centro.

7. MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

Tanto nas saídas como nas entradas os familiares deberán acceder ao recinto escolar **con máscara**. Deberá vir **unha soa persoa** a recoller ao alumno/a.



ENTRADAS

Debido ás peculiaridades deste centro, que xa temos ao alumnado dividido en varios edificios, faremos a **entrada polo portalón verde que se abrirá ás 8:45 h, agás 3º e 4º que entrarán pola porta de transporte**. O alumnado irá directo ás aulas sen facer filas.

No caso de Educación Infantil, un só familiar (con máscara) acompañará ao alumnado ata a cancela de cores onde haberá mestres de garda que os acompañarán ata a porta de infantil. Na porta de infantil as mestras de apoio de infantil guiarán aos nenos e nenas ata as súas aulas.

Os primeiros días de clase as titoras de 3 anos axudarán nas entradas do alumnado de 1º de Ed.Primaria.

No caso do alumnado transportado, unha vez acceda ao recinto escolar pola porta destinada ao transporte, o alumnado de primaria irá directamente ás respectivas clases e o de infantil permanecerá no patio cuberto e será acompañado ás súas aulas ás 8:55 h polo profesorado de garda de transporte.

O alumnado de primaria deberá acceder ao centro con máscara.

SAÍDAS

É de vital importancia axilizar as saídas. Unha vez entregado o alumno/a ao adulto responsable, **deberá abandonar o recinto escolar o máis axiña posible. Non se permitirá o uso dos xogos infantís do recinto escolar.**

Edificio Areal – 5º e 6º de Educación Primaria.

O alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria fará a saída **pola porta da rúa López Cortón** do edificio Areal. O alumnado usuario de comedor e transporte, ou que teñan irmáns pequenos baixarán polas escaleiras pequenas. O resto de alumnado baixará custodiado polo profesorado que imparta a última sesión, polas escaleiras grandes mantendo a distancia de seguridade na zona de saída. O alumnado de **5º fará a saída ás 13:50h** e o alumnado de **6º ás 13:55 h**.

O alumnado usuario de comedor permanecerá no patio de recreo do Areal, onde estará ata o 2ª quenda de comedor.

Edificio Infantil – 3 e 4 anos



A saída realizarase **pola porta de Educación Infantil** no seguinte horario:

3 anos – ás 13:45 h

4 anos – ás 13:50 h

O alumnado de transporte será acompañado polo conserxe ata a porta de transporte.

O alumnado de comedor permanecerá nas aulas.

Edificio Nicolás – 5 anos, 1º a 4º de Educación Primaria

O alumnado de **5 anos sairá ás 13:45 h pola porta principal.**

O alumnado de **1º de Educación Primaria sairá ás 13:50 h pola porta principal.**

O alumnado de **2º de Educación Primaria sairá ás 13:50 h pola porta de secretaría.** (As familias poderán acceder ao espazo cuberto)

O alumnado de **3º de Educación Primaria sairá ás 13:50h polo ximnasio.**

O alumnado de **4º A e 4ºB sairá pola porta principal ás 13:55 h.**

O alumnado de **4º C sairá pola porta de secretaría ás 13:55h** (As familias poderán acceder ao espazo cuberto)

O alumnado de comedor agardará ata as 13:55 h para ocupar os seus postos.

A norma xeral para as familias que teñan **fillos ou fillas en diferentes saídas**, será que os irmáns maiores **sairán pola saída dos irmáns menores.**

8. MEDIDAS EN RELACIÓN CON FAMILIAS E ANPAS

As vías de comunicacións coas familias serán as seguintes:

- Web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnicolasrio/>
- Abalar móbil: todas as familias do centro deberán telo descargado nos seus móbiles.
- Facebook: <https://www.facebook.com/colecedeira/>
- Canal de youtube
- Correo electrónico: ceip.nicolas.rio@edu.xunta.es
- Teléfono: 881.930.091



Este curso **non se recollerán na secretaría do centro nin merendas nin material olvidado.**

Atenderase preferentemente por vía telefónica.

Por norma xeral non se realizarán reunións colectivas de pais/nais. As instrucións xerais para cada aula ou nivel de inicio de curso levaranse a cabo por medios telemáticos (Abalarmóbil, canal youtube, aula virtual...)

- Nivel 3 anos, farase no comedor con asistencia dun familiar por alumno/a e garantindo as distancias de seguridade e co uso obrigatorio de máscara
- 1º Ed.Primaria: faranse separadas por clases no comedor con asistencia dun familiar por alumno/a e garantindo as distancias de seguridade e co uso obrigatorio de máscara.
- 3º Ed.Primaria: faranse separadas por clases no comedor con asistencia dun familiar por alumno/a e garantindo as distancias de seguridade e co uso obrigatorio de máscara.
- 5º Ed.Primaria: o alumnado comeza no Proxecto Edixgal polo que consideramos necesaria esta reunión presencial por grupo/clase. Faranse nas súas aulas con asistencia dun familiar por alumno/a garantindo as distancias de seguridade e co uso obrigatorio de máscara.

Titorías

Faranse por vía telefónica **con cita previa**, preferentemente en horario lectivo.

As familias solicitarán titoría telefónica a través de axendas ou notas.

As entrevistas iniciais de 3 anos presenciais ou non quedarán a elección das titoras.

Programa de madrugadores

A ANPA prestará servizo de madrugadores dende as 7:30 h para aquelas familias que o precisen.

O alumnado entrará pola porta de transporte e irá directamente ao seu posto no comedor escolar, que xa estará preparado coas debidas distancias de seguridade. O alumnado levará consigo as súas pertenzas ao posto onde vaia almorzar. Cando rematen de almorzar irán ao baño de un en un para lavar os dentes.

A monitora de madrugadores desinfectará antes e despois do uso mesas, cadeiras e o enxoval empregado.

O alumnado de Ed.Primaria irá ás súas aulas ás 8:45 h e a monitora acompañará ao alumnado de Ed.Infantil.



Actividades de tarde

Este curso non se levará a cabo ningunha actividade de tarde co fin de proceder á desinfección e limpeza do centro polas tardes.

9. MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO

O aforo dos autobuses de transporte escolar será o determinado en cada caso polo órgano autonómico competente. Inicialmente poderán ser utilizadas todas as prazas coa obriga do emprego da máscara.

Os/as acompañantes da empresa de transporte aos que lle corresponda a vixilancia do alumnado, cando resulte obrigatorio, velarán porque todos os ocupantes do vehículo leven posta a máscara durante todo o traxecto e que cada usuario/a ocupe o seu asento en todo momento.

O alumnado de Ed.Primaria levarán máscara en todo momento. No caso de que o alumnado de Ed.Infantil non poida manter a distancia de seguridade con nenos/as doutras clases deberá levar máscara.

Con carácter xeral, cando se establezan limitacións de capacidade dos vehículos, quedan suspendidas as autorizacións de carácter excepcional cando non sexa posible transportar a todo o alumnado con dereito lexítimo ao transporte (máis de 2 km)

No caso de que a capacidade dos vehículos non resulte suficiente para o traslado de todo o alumnado, o criterio de prioridade é o de maior distancia de residencia ao centro educativo, tendo en conta que a administración adoptará as medidas para que o transporte se realice en condicións de seguridade.

Entrada

O alumnado transportado entrará pola porta de transporte. O alumnado de Ed.Primaria irá directo ás aulas correspondentes e o alumnado de Ed.Infantil será acompañado polo profesorado de garda ás respectivas aulas en ringleiras coa suficiente separación entre alumnos/as na medida do posible.

Saída



O alumnado de Ed.Primaria con ruta ás 14:00h, coa máscara posta, irá directo á porta de transporte ás 13:50 h. O alumnado de Ed.Infantil irá acompañado polo conserxe ata a porta de transporte onde quedará custodiado polo profesorado de garda que velará porque se manteñan as distancias de seguridade na medida do posible.

O alumnado de Ed.Primaria con ruta ás 15:00 h irá directamente á porta de transporte onde agardarán, coa máscara posta, procurando manter as distancias de seguridade entre grupos na medida do posible.

O alumnado de Ed.Infantil con ruta ás 15:00h, cando rematen de comer, irán acompañados por colaboradores de comedor ata a porta de transporte, onde agardarán procurando manter as distancias de seguridade entre grupos.

10. MEDIDAS DE USO DE COMEDOR

Para este curso escolar faremos dúas quendas de comedor:

1ª quenda: de 14:00 h a 14:30 – 14:45 h

- Educación Infantil (3 e 4 anos con saída ás 14:45h)
- 1º, 2º, 3º, 4º de Educación Primaria (con saída ás 14:30 h)

2ª quenda: de 14:30 a 15:00 h

- 5º e 6º de Educación Primaria.

O alumnado de 3 e 4 anos comerá na primeira quenda dentro das súas aulas. A comida sairá nun carro que será transportado pola encargada de comedor ata as aulas.

O restante alumnado da 1ª quenda comerá nos espazos habilitados para garantir a distancia de seguridade que será de 1,5 m, ou 1 m sempre que non estean encarados.

O alumnado da 2ª quenda, permanecerá no patio do Areal ata ás 14:30h, acompañados polos colaboradores necesarios. Entre a 1ª e a 2ª quenda desinfectaranse mesas e cadeiras.

O alumnado estará separado 1,5 m se están encarados ou 1 m en xeral. Ademais, na medida do posible, sentarase agrupado por aulas de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza.

Os menús serán empratados en cociña e servidos en bandexas para todo o alumnado agás o alumnado de 3 e 4 anos.

O persoal de cociña lavará e desinfectará todo o enxoval, electrodomésticos e utensilios que se empreguen no proceso de elaboración dos menús.



Todo o persoal colaborador (9), encargada de comedor e directora estarán presentes durante todo o tempo de comedor.

Saídas de comedor

1ª quenda:

- **3 e 4 anos** sairán polo edificio de **Educación Infantil ás 14:45 h.**
- **5 anos, 1º, 2º, 3º e 4º** de Educación Primaria pola **porta principal ás 14:30 h**

2ª quenda: saída ás **15:00 h**

- **5º e 6º** de Educación Primaria pola **porta principal.**

O alumnado da 1ª quenda que teña irmáns na 2ª quenda poderá permanecer no centro ata as 15:00h e saír co seu irmán ou irmá pola porta principal.

O alumnado transportado da 1ª quenda permanecerá no patio cuberto e ximnasio ata as 15:00 h que saen os autobuses.

Este curso non haberá saída ás 16:00 h.

11. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA USO DOUTROS ESPAZOS

Biblioteca

A biblioteca é un dos espazos comúns máis utilizado do centro. No presente curso escolar a biblioteca estará pechada polas tardes, ao igual que todas as actividades extraescolares. En horario lectivo a biblioteca estará aberta, dispoñible para todas as clases do centro. O aforo que contemplamos para este espazo é de 40 alumnos/as, polo que poderán estar dúas clases ao mesmo tempo pero en diferentes espazos da mesma. Na entrada haberá un xel hidro alcohólico para desinfectar as mans. Os mestres ou alumnos/as unha vez finalizada a visita desinfectarán os materiais utilizados (ordenadores, iPad, robots, mesa táctil, etc...).

Nos recreos a biblioteca permanecerá pechada.

O préstamo de libros funcionará con normalidade, pero os libros devoltos deberán permanecer nunha caixa 24 horas antes de ser colocados no seu lugar.



A biblioteca deberá ser ventilada antes e despois das sesións, e se a climatoloxía o permite, estará ventilada tamén durante o seu uso. Non se descarta facer obradoiros nos recreos pero cunhas normas específicas en consonancia con este protocolo.

Horta escolar

A horta escolar é un espazo exterior novo do centro que poderá ser utilizado en todo o horario lectivo, tamén nos recreos. Todos os usuarios deberán desinfectar as mans antes de entrar. O material que utilicen deberá ser desinfectado si cambia de usuario (regadeiras, manguera, etc...) O aforo da horta escolar será de 25 alumnos/as.

Sala de Informática

A aula de informática ten actualmente 18 ordenadores, que poderán ser utilizados polas clases en horario lectivo. Haberá un xel hidroalcohólico para desinfectar as mans antes de entrar. Tamén haberá desinfectante para teclado, rato e pantalla unha vez finalice o seu uso. Só poderá haber un alumno/a por ordenador. Sempre que o alumnado sexa de Educación Primaria deberán acceder con máscara. O aforo da aula será de 18 alumnos/as.

Ximnasio e vestiarios

Educación Infantil empregará o patio de Ed.Infantil para impartir psicomotricidade.

En canto ao uso do ximnasio, haberá quendas de 5 alumnos/as para usar os vestiarios, nos que haberá 5 cadeiras separadas con 5 perchas para o seu uso de xeito individual. O alumnado disporá dun pulverizador desinfectante no vestiario para vaporizar as cadeiras ao finalizar o seu uso.

A limpeza e desinfección do ximnasio farase varias veces ao día ao longo da xornada.

Aulas comúns ou de especialidades

Na medida do posible os especialistas quedarán nas aulas de clase para evitar movementos de alumnado prescindibles. No caso de sesións que teñan que ser impartidas en aulas específicas,



deberase desinfectar as superficies e materiais antes e despois do seu uso. O alumnado deberá desinfectar as mans con xel hidro alcóhólico na entrada.

12. MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS

O uso de máscara será obrigatorio nos recreos de Educación Primaria. Os elementos comúns de xogo serán desinfectados en cada cambio de grupo na medida do posible.

◦ **Recreos 5º e 6º de Ed.Primaria no Areal.**

Haberá 5 zonas:

- Patio cuberto (dividido en 3)
- Pista exterior (dividida en 2)

Un nivel estará na zona cuberta e outro nas pistas exteriores, separados por grupos de clase.

No caso de choiva o nivel que lle tocaba na zona descuberta quedará nas aulas coas súas titoras.

◦ **Recreos de 1º a 4º de Ed.Primaria no edificio principal.**

Haberá 11 zonas:

- | | |
|---------------------------------|-----------------------------------|
| ▪ Patios interiores (3) | ▪ Horta |
| ▪ Patio cuberto (dividido en 2) | ▪ Areeiro |
| ▪ Ximnasio (dividido en 2) | ▪ Pista de Fútbol (dividida en 2) |

O alumnado estará separado por aulas de xeito que non se xunten con outros grupos. Deste xeito manteranse grupos estables de convivencia tanto en Educación Infantil coma en Primaria.

Se chove os niveis que tiñan asignada zonas exteriores quedarán nas aulas cos respectivos titores.

◦ **Recreos de Ed.Infantil**

Haberá 3 quendas

- 1ª – 11:00 – 11:25 h 4 anos



- 2ª – 11:30 – 11:55h – 3 anos
- 3ª – 12:00 – 12:25 h – 5 anos

O conserxe desinfectará os elementos comúns de xogo entre cada quenda. Ata que o patio estea libre non sairá o seguinte nivel.

O patio de Ed.Infantil estará dividido por zonas para cada grupo estable de convivencia. Os elementos comúns de xogo non terán que ser recollidos en cada quenda, soamente na última.

Nos recreos a biblioteca permanecerá pechada.

13. MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO ED.INFANTIL E 1º E 2º DE ED.PRIMARIA

Ao inicio da xornada traballarase de xeito lúdico as normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia.

Os dispensadores de xel hidro alcohólico estarán custodiados sempre polo persoal docente e coidador.

Reducirase o traballo de mesa simultáneo de gran grupo.

Os espazos estarán separados por unha distancia de entre 1 e 1,5 m na medida do posible.

Os recunchos das aulas serán desinfectados varias veces ao longo da xornada.

A merenda realizarase de xeito individual en cada aula.

Baños

No edificio de Infantil o alumnado de 3 anos utilizará o baño da esquerda e o alumnado de 4 anos o da dereita, os máis próximo ás aulas.

No edificio do Nicolás o alumnado de 5 anos utilizará o baño de enfronte a aula, único adaptado para Ed.Infantil.

O alumnado de 1º e 2º de Ed.Primaria empregarán os baños máis próximos as súas aulas.

En todos os baños haberá panos desbotables e desinfectante para uso voluntario.

Recreos



Nos recreos o alumnado de 1º e 2º usará máscara e estarán separados por grupos tal e como se especifica no punto 12 deste documento. Se chove os niveis que tiñan asignada as zonas exteriores (pistas exteriores) quedarán nas aulas cos respectivos titores/as.

En canto a Educación Infantil, non usarán máscara e, tal e como se contempla no punto 12 deste documento, a organización dos recreos será por quendas.

Tempo de merenda

A merenda realizarase 10 minutos antes do recreo, salvo nos seguintes casos:

- Nivel de 4 anos de Ed.Infantil que teñen o recreo as 11:00 h e merendarán despois do seu recreo.
- No caso de choiva os grupos que se queden nas aulas merendarán no tempo de recreo.

Metodoloxía na aula

As actividades serán adaptadas a grupos o máis reducidos posibles procurando sempre a desinfección do material despois de cada uso.

En Educación Infantil como son grupos estables a metodoloxía non variarán con respecto a cursos anteriores. Sen embargo, en Ed.Primaria, a metodoloxía estará condicionada á distribución de aula e ás restricións que marca o protocolo (separación interpersoal, non compartir materiais...)

14. NORMAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE NEE

O alumnado con necesidades educativas especiais manterá a distancia de seguridade nas sesións de pedagogía terapéutica e/o audición e linguaxe, en caso contrario usarán máscara.

O persoal que preste atención a este alumnado valorará o emprego de pantallas/viseiras e desinfectará os materiais empregados.

O departamento de orientación colaborará co equipo COVID na identificación das necesidades de protección e hixiene que o alumnado precise.

Adaptaranse os horarios para facer coincidir o menos posible a alumnado de distintos niveis.

15. PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO



Corresponde ao profesorado manter unha conduta exemplar no cumprimento das medidas de protección e aproveitarase calquera contido para inculcar no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.

O profesorado disporá de material de hixiene (panos desbotables, solución desinfectante e xel hidro alcohólico que empregará en cada cambio de aula e na desinfección da súa mesa e cadeira, así como do material que teña utilizado en cada unha das aulas. O material de desinfección será subministrado polo centro.

En cada cambio de grupo o profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.

Todas as reunións do profesorado realizaranse cumprindo as normas de protección e o aforo dos locais, cando non sexa posible deste xeito usaranse medios telemáticos.

O equipo directivo determinará o aforo máximo de salas de profesores que permita cumprir a distancia de seguridade de 1,5 m, marcando os espazos susceptibles de utilización e lembrando a necesidade de hixienizar o lugar que se ocupe en cada cambio de profesor/a e dos elementos de uso común como teclados, pantallas ou máquinas expendedoras.

Na realización de reunións de titorías utilizarase, sempre que sexa posible, a reunión non presencial mediante teléfono ou videochamada. No caso da necesidade moi excepcional de reunión presencial, adaptarase un espazo onde se garanta a distancia de seguridade, emprego de máscara e produtos de hixiene.

16. MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO

Formación do profesorado

Dentro do plan de formación continua do profesorado, (horta escolar, gamificación/Tics) intensificarase a educación en saúde orientada á prevención fronte a COVID-19, coa colaboración do centro de saúde de Cedeira. Os martes pola tarde, adicaremos un tempo á formación en materia TIC (aula virtual, páxina web, blogs...) a nivel interno.

No mes de setembro os equipos de dinamización proporán actividades, en relación á prevención e hixiene fronte ao SARS-COV-2, ao claustro para levar a cabo co alumnado ao longo do curso escolar.

Formación do alumnado



No mes de setembro o alumnado de 1º a 4 de Ed.Primaria irá á aula de informática para formarse no manexo da aula virtual co fin de conseguir a máxima autonomía.

Escola de familias

Dende os distintos equipos de dinamización elaboraranse vídeo tutorial para o uso de aulas virtuais, prevención e hixiene fronte a COVID-19... que serán publicados no canal de Youtube do centro enlazado á páxina web do centro, dando a maior difusión posible a través do Facebook e de avisos por Abalarmóbil.

Aulas virtuais

Empregaranse en todos os cursos de Ed.Primaria. Dende o comezo de clases presenciais o profesorado empregará esta ferramenta para as actividades que considere oportunas.

En Ed.Infantil o profesorado titor decidirá a plataforma a empregar no caso dunha educación a distancia: aula virtual, páxina web, grupos de WhatsApp.....

Dirección

Marta Cameselle Barge